



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE SECUNDARIA Curso 2009/2010	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	<u>A STORY OF GESTURES</u>
IDIOMAS	X GALEGO ☐ FRANCÉS ☐ OUTRAS LINGUAS: X CASTELÁN ☐ ALEMÁN X INGLÉS ☐ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	- Escoitar: Comprendo de que van as historias e diálogos inventado polos meus compañeiros e comprendo tamén a importancia dos xestos para axudar a entender o que se di. - Ler: Son quen de ler e entender o texto elaborado polo meu grupo e tamén os textos dos outros grupos da clase. - Conversar: Podo manter a conversación elaborada polo meu grupo, aínda que non a saiba de memoria porque sei escoitar o que din os meus compañeiros. - Falar: Podo facer un diálogo, dentro da historia dos xestos, usando expresión sinxelas e frases curtas que aprendín. - Escribir: Escribo historias ou diálogos sinxelos sobre o tema que estamos a tratar.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	x COMPRENDER: x comprensión auditiva / x comprensión lectora x FALAR: x expresión oral / x interacción oral (conversar) x ESCRIBIR: x expresión escrita
OBXECTIVOS	- a cooperación. - aprender o vocabulario referido ós xestos. - repasar e utilizar noutros contextos vocabulario e estruturas xa aprendidas. - decatarse da importancia dos xestos á hora de querer comunicarnos cos demais, sobre todo cando usamos un idioma que non é a nosa lingua materna. - ser quen de atender ó que fan os compañeiros e entender as súas historias sen necesidade de palabras, só con xestos. - ser quen de escoitar ós compañeiros de forma respetuosa. - decatarse de que para entender "de que vai" un texto no é necesario entender absolutamente tódalas palabras. - ser quen de explicar en inglés de forma sinxela a historia dos compañeiros. - perder a vergoña e o medo a ler ou "falar" en público. - decatarse de que "non o estou facendo tan mal" e "entendo, pronuncio,... mellor do que pensaba."
NIVEL	1º e 2º ESO
SECCIÓN DO PEL	☐ BIOGRAFÍA ☐ PASAPORTE DE LINGUAS x DOSSIER



PROCEDEMENTO	Esta actividade foi levada a cabo en varias sesións, ás veces usando parte do tempo da clase e outras usando os cincuenta minutos (é unha adaptación da actividade orixinal). .- 1º: formar grupos homoxéneos. .- 2º: repartir fotocopias cos xestos e as súas explicacións. .- 3º: entender os xestos e as súas explicacións. .- 4º: xogar dentro do grupo a facer un dos xestos e que os compañeiros adiviñen de que xesto se trata. O compañeiro que dé a explicación máis cercana ó que pon a fotocopia anota 10 puntos. Gaña aquela persona que teña máis puntos. .- 5º: en grupo engaden 3 xestos máis e intentan explicalos en inglés. Non houbo cortapisas de ningún tipo, aínda que supoñía que sairían xestos obscenos (penso que neste caso é de aceptar que forman parte da comunicación, a pesar de que non sexa politicamente correcto). .- 6º: xogo, como no apartado 4º, pero entre grupos. .- 7º: inventan, sempre en grupo, unha historia, conto, diálogo,... que leve asociados uns cantos xestos (poden usarse xestos que non veñan na fotocopia ou nos que eles non pensaran antes). .- 8º: contan a súa historia ó resto dos grupos, só con xestos; facendo cada un a súa parte. Aquí implicáronse os nenos que non actuaban gravando cos seus móbiles ós seus compañeiros. .- 9º: o resto dos grupos ten que dicir de que lle parece que vai a historia que están vendo. .- 10º: agora toca contar a historia con xestos e palabras de formas simultánea. .- 11º: toca volver a escribir a historia, esta vez con ilustracións, e, de haber diálogo, con viñetas; facendo un "libro". Con todos estos apartados, chegou un momento que ós nenos, que xa de por sí están menos motivados, se lles facía un pouco costa arriba (terá que ser tido en conta para o futuro). Cos demais sempre resultou ben, porque se lles vía motivados en todo momento; xa que, aínda que todo partía da mesma base, cada día era facer algo diferente.
AVALIACIÓN: Seguimento	Atoparon divertido o feito de contar a súa historia con xestos e ser gravados (aquí implicáronse todos, incluso os menos motivados e portáronse todos mui ben) É unha forma de buscar a cooperación ó ter que porse dacordo dos xestos que van a usar, cando e como. Tamén se puxeron nerviosos e houbo que empezar unha e outra vez para que quedase aceptable a gravación en vídeo (facíao un compañeiro co seu móbil). Isto de utilizar o móbil na clase funcionou mui ben porque sempre está ben iso de poder sacar en plena clase algo que está prohibido. Aínda que teñen as estruturas gramaticais máis ou menos interiorizadas cando se trata de levalas a práctica nun escrito (cando saímos dos típicos exercicios de "completar") cóstalles moito e parece que ata esquecen o que teñen aprendido.



	Cóstalles escoitarse e intentan por tódolos medios reproducilo de memoria. Sempre lles digo que á hora de escribir hai que usar a gramática e o vocabulario correctos, pero á hora de dialogar o que tratamos é de entender ós demais e de facernos entender; para iso hai que escoitarse. Dentro dos grupos intentan axudarse ca pronunciación ou co que "se téñ que decir", non obstante, fastidiáballes cando os seus compañeiros non se lembraban do texto ou non facían o que tiñan acordado. Resulta positiva a experiencia porque "o público" aprende a escoitar e respectar o que os compañeiros están a facer. E "os actores" decatanse de que non pasa nada por equivocarse (aprenden a respectar os seus propios erros e os dos demais) e de que todos o fan mellor do que esperaban. Gústalles todo o que sexa non estar sentados no seu sitio e interpretar gústalles a case todos. A forma de avaliar foi con varias pequenas postas en común en pequeno grupo ou en grupo-clase. En xeral gústalles moito todo o que non implique "clase tradicional" e iso fai que sexan máis participativos.
AVALIACIÓN: Nivel de participación	Participaron tódol@s alumn@s de 1º e 2º da ESO. Todo o que soe a "clase non tradicional", a moverse do propio asento, a xogo (aínda que non o sexa), a competición,... implícaos moito e fai que participen; incluso a aqueles alumnos que no resto das actividades "pasan" e despois seguen igual de apáticos e sen estudar. Aínda que xa dixen no apartado anterior, que a algúns se lles acabou facendo un pouco pesado (pero coincide cos alumnos que xa normalmente están pouco ou nada motivados de cara o estudo e, sobre todo, de cara ó inglés). Todas estas actividades fan que se motiven máis. O malo é que non sempre se poden facer (estamos mui pendentes do currículo e a cantidade de alumnos por clase non sempre é a idónea) e non sempre serven para que interioricen o que nos queremos (porque algúns só que se quedan co ben que o pasan e non co que están a aprender). Non obstante non deixan de ser enriquecedoras e motivadoras. Que sería dalgunhas clases sen este tipo de motivación? Ou incluso, que sería dalgúns alumnos que case non participan en nada?